

Negociacións do convenio estatal de servizo e atención ás persoas con discapacidade: 31ª mesa negociadora nun período de tres anos

A CIG-Ensino denunciou unha vez máis a inutilidade do marco estatal e reivindicou un marco galego de relacións laborais como única saída a un convenio digno

A reunión desta mesa negociadora trouxo como principal novidade o coñecemento de que CCOO promove en Andalucía a negociación dun convenio autonómico do sector da atención á discapacidade, xusto a posición contraria que ten este mesmo sindicato en Galiza, onde nega a capacidade de chegar a acordos e chega a acusar á CIG de enganar as traballadoras e traballadores coa nosa insistencia en que se debe negociar un convenio galego, como se acaba de ver recentemente nun comunicado contra o sindicato maioritario no conflito das escolas infantís 0-3 anos. É un exemplo de hipocrísia e incoherencia que o que negan en Galiza se promova noutros ámbitos como o andaluz.

Máis alá do malestar que provoca esta incoherencia, desde a CIG agardamos que esteamos diante dunha rectificación das directrices centralistas de CCOO e que aposten a partir de agora por camiñar no obxectivo dun marco galego de relacións laborais e de negociación colectiva, en todos e cada un dos sectores e convenios colectivos



que de momento están atados de pés e mans por convenios de ámbito estatal (atención á dependencia, educación infantil, ensino privados con ou sen concerto entre outros)

Tres anos perdidos

Na anterior reunión, a 30ª mesa negociadora do 7 de febreiro, a patronal decidiu demorar a seguinte reunión para achegar unha proposta global e mandala con tempo para a súa análise e aprobación polas OO.SS estatais. Nesta 31ª mesa do 19 de marzo a proposta foi enviada tan só dúas horas antes da reunión e

nuns termos que reproducían propostas anteriores xa rexeitadas, sen avances nin melloras mínimas reivindicadas pola parte social. A proposta patronal só incorporaba meras adaptacións legais e incluso involucións nas interpretacións dalgunhas normas, confirmando o que xa anunciou a CIG-Ensino, cando os sindicatos estatais asinaron os dous acordos parciais.

A intervención da CIG-Ensino foi crítica, pois xa era a segunda vez que se suspendía unha mesa negociadora, coa perda de tempo e custos que ten, sen xustificación algunha. Denunciamos as actitudes das dúas organizacións maioritarias na mesa, que impoñen os seus intereses e estratexias, por enriba de todo o demais, sen importarlles o resto de integrantes nin a quen representan. A CIG-Ensino rexeitou a proposta patronal por inmovilista e involucionista, esixíndolle ás patronais un cambio de rumbo cara a dignificación do convenio e do sector. Sobre o convenio autonómico que a patronal deu a coñecer que se comezara a negociar en Andalucía consideramos que ese é o camiño, tal e como defende a CIG-Ensino dende sempre na Galiza e que outros (neste caso quen agora en Andalucía quere negociar) cualifican de “imposible e falacia.

A primacía do ámbito autonómico sobre o estatal na negociación colectiva

A CIG-Ensino quere lembrar igualmente que está en proceso de negociación no ámbito parlamentario unha modificación legal para garantir que, no caso de existir un convenio colectivo de ámbito autonómico, este teña preferencia sobre o estatal, froito do acordo de investidura do actual goberno. Nun Estado que se pretenda descentralizado e no que defendemos que se recoñeza o carácter plurinacional a todos os efectos, as relacións laborais teñen que garantir a maior proximidade e respecto polos traballadores e traballadoras e pola súa representación sindical. Se a isto lle engadimos a experiencia en moitos convenios colectivos, con prazos infinitos de negociación e con acordos das cúpulas sindicais e patronais a nivel estatal que despois atan calquera mellora, está claro que a única saída á dignificación salarial e de condicións de traballo, tamén no ámbito da atención á diversidade, pasa por negociar a nivel galego. Nese camiño está a CIG-Ensino desde sempre e agardemos que outros veñan atrás.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 1º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal